



Data Asemblea Xeral: 14/05/2022

**6/6**

Este número é indicativo do risco do produto, onde 1/6 indica menor risco e 6/6 maior risco.

 "A venda ou a cancelación anticipada non é posible ou pode implicar perdas relevantes"

## 1. **INTRODUCIÓN**

Este documento ten por obxecto informar detalladamente sobre a natureza e as características das achegas ao capital social de CAIXA RURAL GALEGA, SCCLG (en diante, a "**Entidade**"), así como sobre os posibles factores de risco que deben terse en conta en relación coa súa posible subscrición ou adquisición.

## 2. **INFORMACIÓN SOBRE A ENTIDADE**

CAIXA RURAL GALEGA, SCCLG réxese polo disposto nos seus estatutos, de acordo coas disposicións da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito; co seu regulamento aprobado polo Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro; polas normas que regulan con carácter xeral a actividade das entidades de crédito; pola Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas e, con carácter supletorio, pola Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

Figura inscrita no Rexistro Mercantil de Lugo, tomo 177, folio 92, folla número LU-1651, inscrición 1.<sup>a</sup> e, na actualidade, figura inscrita no Rexistro de Cooperativas do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais co número 523/S<sup>o</sup>MT, no Rexistro Central de Cooperativas de Galicia co número 68-SCT e no Rexistro do Banco de España co número 30 da Sección C).

Os estatutos da entidade están publicados na páxina web da entidade.

O obxecto social da entidade é servir ás necesidades financeiras dos seus socios e terceiros mediante o exercicio das actividades propias das entidades de crédito.

O domicilio social da entidade está sito na rúa Montero Ríos de Lugo, número 24-26.

## 3. **PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS E NATUREZA DAS ACHEGAS**

### 3.1. **Parte conformante do capital social**

As achegas dos socios conforman o capital social da entidade, que ten carácter variable e que se fixa como mínimo nun millón cincocentos dous mil cincocentos trinta con vinte e sete céntimos de euros (1.502.530,27), integramente subscrito e desembolsado.

### 3.2. **Importes mínimos e limitacións**

Todos os socios deberán subscribir e desembolsar na súa totalidade, polo menos, un título de achega. Porén, cando o socio sexa unha persoa xurídica a súa achega será de, polo menos, dous títulos.

O importe total de achegas que, directa ou indirectamente, posúa ou controle un socio non poderá exceder do 2,5% para as persoas físicas e do 20% para as persoas xurídicas. Así mesmo, en ningún caso o conxunto das achegas posuídas por persoas xurídicas que carezan da condición de sociedade cooperativa poderá representar unha contía superior ao 50 % do capital social. A adquisición de achegas por encima dos límites sinalados determinará a suspensión dos dereitos políticos do socio con participación excesiva.

Os límites mencionados neste apartado non se terán en conta no caso da participación por calquera medio no capital social da entidade por parte dun fondo de garantía privado constituído ex ante no marco dun sistema institucional de protección dos previstos no artigo 113.7 do Regulamento (UE) 575/2013, do 26 de xuño, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) número 648/2012.

Así mesmo, estes límites non se terán en conta cando se adopten algunhas das medidas previstas na Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento (en diante, Lei 11/2015).

### 3.3. **Permanencia mínima**

O prazo mínimo de permanencia do socio na entidade desde a súa alta será de cinco anos.

### 3.4. **Forma de desembolso**

O desembolso das achegas debe ser, en todo caso, en efectivo.

### 3.5. **Carácter de inembargables**

Os acredores persoais dos socios non terán dereito ningún sobre os bens da entidade nin sobre as achegas dos socios ao capital social, as cales son inembargables.

### 3.6. **Remuneración**

Anualmente, os órganos reitores da entidade aproban o tipo de xuro para lles aplicar ás Achegas. O último tipo aprobado no exercicio 2021 foi do 2,75%, que será aplicable a partir do día 15 de maio de 2022.



A liquidación dos xuros realízase con carácter anual. Por recomendación do Banco de España, a liquidación correspondente a cada exercicio abonarase unha vez celebrada a Asemblea Xeral que aprobe as contas do exercicio a liquidar.

En calquera caso, o pago de xuros retributivos das achegas queda condicionado a: (i) a existencia de resultados netos ou reservas de libre disposición suficientes para satisfacelas - neste último caso, necesita autorización do Banco de España-, así como a aprobación do órgano interno de goberno correspondente e (ii) a que a entidade cubra o coeficiente de solvencia e a cifra de recursos propios mínimos legalmente establecidos.

### **3.7. Amortización**

A Asemblea Xeral, a proposta do Consello Reitor, poderá acordar a amortización dunha ou varias emisións de achegas e, no devandito acordo, establecerase a forma e o prazo de devolución do importe a cada socio.

### **3.8. Actualización**

A actualización das achegas incorporadas ao capital social só poderá realizarse ao amparo das normas sobre regularización de balances e observaranse os límites e os requisitos que adicionalmente establezan as normas reguladoras das cooperativas de crédito.

## **4. REQUISITOS PARA PODER ADQUIRIR ACHEGAS DA ENTIDADE**

A persoa que teña intención de adquirir achegas da entidade deberá ser socia da entidade ou adquirir esta condición nos prazos máximos establecidos nos estatutos.

Poderán ser socias tanto as persoas físicas como as xurídicas, públicas ou privadas, e as comunidades de bens, cos límites e requisitos establecidos nos estatutos da entidade e na lexislación vixente.

## **5. MODALIDADES PARA A ADQUISICIÓN DE ACHEGAS**

As achegas poderán adquirirse das seguintes formas:

a) Por subscrición de achegas tras a aprobación da súa emisión. A Asemblea Xeral poderá acordar a emisión de achegas ao capital social, e fixará a contía global máxima, as condicións, o prazo de subscrición e a forma de establecer o tipo de xuro destas. As devanditas achegas deberán ser integramente desembolsadas no momento da súa subscrición, e terán o carácter de permanencia propio do capital social do que pasan a formar parte. Unha vez rematado o prazo de subscrición fixado, a contía global máxima das achegas quedará automaticamente reducida á efectivamente subscrita polos socios.

b) Por adquisición de achegas, de conformidade co establecido nos estatutos.

A adquisición/subscrición de achegas tramitarase cubrindo, en calquera oficina da entidade, o documento de solicitude que ha subscribir o socio interesado. Esta solicitude será sometida ás comprobacións de cumprimento dos requisitos establecidas polos estatutos.

## **6. DEREITOS DOS SOCIOS**

Os socios teñen os dereitos que figuran nos estatutos da entidade e na normativa vixente e hai que destacar, entre outros, os seguintes dereitos vinculados ás achegas:

a) Recibir o importe correspondente á súa achega nos casos de baixa ou disolución da entidade, de acordo co disposto nos estatutos.

b) Participar, se é o caso, nos xuros correspondentes ás súas achegas ao capital social.

c) Cada socio, na xunta preparatoria á que estea adscrito, terá dereito a un voto, salvo as excepcións previstas nos estatutos.

d) A responsabilidade dos socios da entidade, polas obrigas contraídas por esta, quedará limitada ao valor das achegas sociais conforme determine a normativa aplicable e, para quen cause baixa na sociedade, queda extinguida unha vez que se lle practique e aboe a liquidación correspondente, sen que poida reclamárselle cantidade ningunha por débedas contraídas pola entidade antes da data da súa separación.

e) O socio dado de baixa e os seus *habentes dereito* poderán esixir o reembolso das súas achegas, de conformidade coa regulación do reembolso de achegas que máis adiante se expón.

f) Solicitar por escrito e recibir información sobre a marcha da entidade nos termos previstos nos estatutos e, en particular, sobre o que afecte os seus dereitos económicos ou sociais, conforme á lexislación vixente.

g) Cando a Asemblea Xeral, consonte a orde do día, deba deliberar e tomar acordos sobre as contas do exercicio económico, poñeranse de manifesto no domicilio social, desde o día da publicación da convocatoria ata o da realización da Asemblea, as contas anuais, o Informe de xestión e a Proposta de distribución de excedentes.

## **7. OBRIGAS DOS SOCIOS**

Os socios teñen as obrigas previstas nos estatutos da entidade e na normativa vixente e, en relación coas achegas, a obriga de subscribir e de desembolsar as achegas que sexan esixibles, así como a de desembolsar as achegas que subscribise. Hai que salientar que o non desembolso das achegas nos prazos previstos constituirá falta moi grave.

## **8. TRANSMISIÓN DAS ACHEGAS**

As achegas ao capital social poderán transmitirse por:



- a) Actos *inter vivos* entre os socios e a quen adquira esta condición de socio nos tres meses seguintes á operación, en cuxo caso a transmisión queda condicionada ao devandito requisito.

Logo de transcorrido o mencionado prazo sen que o Consello Reitor se pronuncie expresamente respecto diso, entenderase que a transmisión cumpre os requisitos sinalados..

A transmisión de achegas que teña un socio da entidade pode realizarse a través de calquera oficina da entidade cubrindo o documento existente para ese efecto, onde solicitará que a entidade tramite a súa solicitude de venda, a fin de que atope outro socio ou terceiro que teña interese na devandita adquisición. As transmisións realizaranse polo nominal da achega e aboaranse na conta designada polo socio solicitante. Os xuros que se devindiquen polas devanditas achegas serán aboados, como pagos a conta, proporcionalmente ao tempo no que o socio fose titular delas.

- b) Nos casos de transmisión *mortis causa*, o habente dereito, se non fose socio, poderá solicitar, no prazo de seis meses, a súa admisión como socio de CAIXA RURAL GALEGA, SCCLG se reúne os requisitos obxectivos para iso..

- (i) Se fose un único *habente dereito*, este poderá solicitar, no prazo de seis meses, a súa admisión como membro da entidade, se reúne os requisitos obxectivos estatutariamente previstos, conforme ao procedemento establecido no artigo 18 da Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia.

Se o *habente dereito* non solicitase a súa admisión no prazo previsto ou, se a solicita e é denegada pola entidade, terá dereito á liquidación da achega social do causante, que lle será realizada sen dedución ningunha no prazo máximo dun ano, computable desde a data do falecemento daquel.

- (ii) Se os *habentes dereito* fosen varios, a entidade poderá esixir que o dereito a solicitar a condición de socio sexa exercitada por un só ou varios deles, co expreso consentimento dos demais, e, se non houbese acordo, procederase á liquidación prevista no apartado anterior.

- (iii) Así mesmo, a entidade poderá acordar a admisión como socios de todos os *habentes dereito* e, nese caso, procederase a prorratear entre eles, na proporción que proceda legalmente, a achega do causante, e formaranse tantas achegas coma *habentes dereitos* fosen admitidos como socios; nese caso, será necesario completalas se todas ou algunhas delas fosen inferiores á achega mínima esixida pola entidade a cada socio. Observarase o mesmo réxime para o suposto de que parte dos *habentes dereito* desexen exercer o dereito a solicitar a condición de socio ou de que non poidan alcanzar tal condición por non cumprir cos requisitos obxectivos previstos estatutariamente. Cando lle sexa necesario a un *habente dereito*, ou a varios, completar a achega mínima, hai que se axustar ao que dispoña o artigo 59 da citada Lei 5/1998.

- c) A adquisición pola entidade das súas propias achegas ou a súa aceptación en peza ou outra forma de garantía realizarase de conformidade co establecido nos estatutos da entidade e nas normas reguladoras das cooperativas de crédito.

## **9. REEMBOLSO DAS ACHEGAS**

O reembolso das achegas atenderase dentro dos límites e requisitos sinalados na lexislación vixente e nos estatutos da entidade, requirirá do acordo previo do Consello Reitor, e estará suxeito á cobertura suficiente do capital social mínimo, das reservas e do coeficiente de solvencia ou de calquera outro que sexa de aplicación.

Nos supostos de perda da condición de socio, este ou os seus habentes dereito estarán facultados para esixir o reembolso das súas achegas, cuxa liquidación se fará segundo o balance que aprobe a Asemblea seguinte á data da súa baixa definitiva. Do importe das achegas deduciranse, no momento da baixa, as perdas imputables ao socio, reflectidas no balance de peche do exercicio en que se produza a baixa, tanto se corresponden ao devandito exercicio coma se proveñen doutros anteriores e que, se é o caso, non fosen compensadas cos resultados positivos de exercicios posteriores, coas reservas voluntarias ou co fondo de reserva obrigatorio.

O Consello Reitor terá un prazo de ata tres meses desde a data da aprobación das contas do exercicio no que causase baixa o socio para proceder a efectuar o cálculo do importe co fin de retornar das súas achegas ao capital social, o que lle deberá ser comunicado. O socio desconforme co resultado deste acordo poderá impugnalos polo procedemento previsto nos estatutos.

O prazo máximo de reembolso será de cinco anos en caso de expulsión ou baixa non xustificada, de tres anos en caso de baixa xustificada ou dun ano en caso de defunción do socio, computable desde a data de peche do exercicio en que o socio cause baixa. As cantidades pendentes de reembolso devindicarán o dereito a percibir o tipo de xuro legal de diñeiro, incrementado a partir do segundo ano en dous puntos e de xeito acumulativo.

## **10. FACTORES DE RISCO DAS ACHEGAS**

### **10.1. Vencemento indefinido**

As achegas, na súa condición de parte conformante do capital social da entidade, non teñen un vencemento definido e, polo tanto, non hai unha data concreta na que ao socio se lle reembolse o nominal das achegas. No entanto, os socios están facultados para solicitar, en calquera momento, o reembolso das súas achegas, sempre dentro dos límites previstos na normativa vixente e nos estatutos da entidade, tal e como se indica no apartado 9 anterior.

Convén sinalar que, de conformidade coa normativa vixente e cos estatutos da sociedade, o reembolso das achegas podería ser rexeitado incondicionalmente polo Consello Reitor, entre outros supostos, no caso de que se producise unha cobertura insuficiente do capital social mínimo, reservas e coeficiente de solvencia.

### **10.2. Ausencia de cotización. Liquidez limitada**

As achegas, que non son valores negociables para os efectos do previsto no artigo 2 da Lei 24/1988, do mercado de valores (e, polo tanto, non están sometidas ás esixencias establecidas pola normativa MIFID nin pola Orde ECC/2316/2015), non cotizan nin son negociables en ningún mercado organizado, co que teñen unha liquidez limitada, sen prexuízo do previsto no apartado 10.1 anterior.

### **10.3. Ausencia de cobertura polo fondo de garantía de depósitos de entidades de crédito**



As achegas non teñen a consideración de depósito bancario e, por iso, non gozan da cobertura do fondo de garantía de depósitos de entidades de crédito.

#### **10.4. Risco de non percibir os xuros**

O pago dos xuros estará condicionado a:

- a) A aprobación do órgano interno de goberno da entidade que corresponda.
- b) A obtención de resultados netos ou a ter reservas suficientes para satisfacelas; en caso de que se utilicen reservas para o pago dos xuros, será necesaria a autorización do Banco de España.
- c) A existencia de recursos propios suficientes, de conformidade coa normativa bancaria que resulte de aplicación en cada momento.

#### **10.5. Risco de absorción de perdas**

No caso de que a entidade tivese perdas e non dispuxese de suficientes recursos propios para compensalas, existe a posibilidade de que estas deban ser cubertas polos socios mediante unha redución porcentual e igual en todas as achegas.

#### **10.6. Posible perda no marco dun procedemento de resolución da entidade**

As achegas ao capital, na súa condición de capital social da entidade, atópanse sometidas ás normas establecidas para o suposto de que a entidade entre nun proceso de resolución dos previstos na Lei 11/2015, ao considerarse pasivo admisible para a recapitalización interna para os efectos da citada lei e, por tanto, poden supoñer unha perda parcial ou total das achegas que fosen titularidade do socio.

#### **11. ACREDITACION DA TITULARIDADE DAS ACHEGAS**

As achegas ao capital social acredítanse en títulos nominativos, numerados correlativamente. A entidade leva en orde e ao día, entre outros, o Libro rexistro de achegas ao capital social, onde se reflicten os titulares e os detalles das devanditas achegas.

#### **12. FISCALIDADE**

A remuneración nas achegas ten a consideración de rendemento explícito de capital mobiliario, ao que se lle aplicará o tipo de retención correspondente conforme á normativa vixente.

#### **13. OUTRA INFORMACIÓN RELEVANTE**

As contas anuais completas e o informe de auditoría dos últimos exercicios, así como outra información financeira e de goberno corporativo relevante, están accesibles na páxina web da entidade.

#### **14. PROTECCIÓN DE DATOS DOS SOCIOS**

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 Do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e (Regulamento xeral de protección de datos) infórmase:

O **Responsable** do tratamento dos seus datos persoais é CAIXA RURAL GALEGA, con CIF F27005164, e domicilio en Montero Ríos 24, 27002, Lugo. **Procedencia e categoría de datos.** Os datos tratados proceden de Vd. mesmo, ou de terceiros aos que deu a súa autorización, como sería no suposto de representación de socios. Na súa condición de socio (persoa física), ou representante de devandito accionista, como representante dun socio (persoa xurídica), CAIXA RURAL GALEGA tratará as seguintes categorías de datos: datos identificativos e de contacto, datos económicos e financeiros, e de seguros. No caso de que asista e realice algunha intervención na Asemblea Xeral ou nas Xuntas Preparatorias, e as sesións sexan gravadas, CAIXA RURAL GALEGA tratará a súa imaxe, voz e nome.

A **finalidade** de tratamento dos seus datos é a xestión para a subscrición, desembolso e reembolso das súas achegas ao capital, así como aqueles tratamentos necesarios que se deriven da súa condición de socio, como, por exemplo, asistir ás sesións da Asemblea Xeral e as Xuntas Preparatorias. Así mesmo, os datos trataranse para (i) cumprir as normas, (ii) cumprir os seus contratos, precontratos e solicitudes. Adicionalmente, sobre a base de interese lexítimo, e salvo que se opuxera, para (iii) remitirle comunicacións comerciais de produtos e servizos comercializados pola nosa Entidade.

A **base de lexitimación** para o tratamento dos seus datos persoais está baseada no desenvolvemento dunha relación contractual. Os tratamentos adicionais están baseados no interese lexítimo da Entidade, na habilitación dalgunhas normas, para cumprir o establecido nos Estatutos sociais de CAIXA RURAL GALEGA, así como o establecido na lei 13/1989, do 26 de maio, de Cooperativas de Crédito e o Regulamento do seu desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 84/1993, do 22 de xaneiro.

**Prazo de conservación.** Os datos persoais conservaranse durante o mantemento da relación de socio e posteriormente, á finalización da condición de socio, bloquearanse e suprimiranse os seus datos atendendo aos prazos legalmente establecidos. O prazo de conservación das gravacións da Asemblea Xeral e as Xuntas preparatorias que se realicen virtualmente, conservaranse mentres sexan necesarios para a finalidade para a que foron solicitados. Non se cederán datos a terceiros salvo obrigação legal.

Como titular dos seus datos, pode exercer os seus **dereitos** para acceder, actualizar, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, dirixíndose a CAIXA RURAL GALEGA con domicilio social en Montero Ríos 24, 27002, Lugo, ou na dirección de correo electrónico [dpd@caixaruralgalega.gal](mailto:dpd@caixaruralgalega.gal).

**Información adicional.** Pode consultar información adicional e detallada sobre protección de datos na Política de Protección de Datos da web de CAIXA RURAL GALEGA.



|   |  |                                                                                                                                                                                                                           |
|---|--|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|   |  | O compromiso de devolución do capital só é no momento do vencemento e a venda anticipada pode provocar perdas.                                                                                                            |
|   |  | O capital garantido só é no momento do vencemento e a mobilización ou o exercicio do dereito de rescate implica unha penalización que pode provocar perdas.                                                               |
| X |  | A venda ou cancelación anticipada non é posible ou pode implicar perdas relevantes.                                                                                                                                       |
|   |  | O reembolso, rescate ou a devolución anticipada dunha parte ou de todo o principal investido están suxeitos a comisións ou penalizacións.                                                                                 |
|   |  | O reembolso, rescate ou a devolución anticipada dunha parte ou de todo o principal están suxeitos a un prazo de aviso previo mínimo relevante.                                                                            |
|   |  | O cobramento da prestación ou o exercicio do dereito de rescate só é posible en caso de acaecemento dalgunha das continxencias ou supostos excepcionais de liquidez regulados na normativa de plans e fondos de pensións. |
|   |  | O valor do dereito de rescate ou mobilización depende do valor de mercado dos activos asignados e pode provocar perdas relevantes.                                                                                        |
|   |  | O valor dos dereitos de mobilización, das prestacións e dos supostos excepcionais de liquidez depende do valor de mercado dos activos do fondo de pensións e pode provocar perdas relevantes.                             |



D/Dª. -----, maior de idade, con NIF ----- e domicilio en -----, declaro por medio do presente escrito que recibín unha copia do denominado "Documento Informativo de Achegas", así como que lín e entendín o devandito documento, todo iso con anterioridade á sinatura do documento de adquisición/subscrición de achegas.

LUGO, 18/05/2022.

POLA ENTIDADE

-----  
-----